

# AS PALABRAS TÉCNICAS DE USO COMÚN NA ÁREA DE TECNOLOXÍA.

Alumnos/as : 2º ESO	Profesores/as colaboradores:
<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Claudia Calvelo.</b></li><li>• <b>Patricia Villar.</b></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Gema Lois.</b></li><li>• <b>Juan Neira.</b></li><li>• <b>Dorinda Rivera.</b></li></ul>

## 1.-Presentación:

Realizamos este traballo, coa intención de achegarnos a esas palabras técnicas que atopamos na nosa lingua e non sabemos de onde proceden ou nos soan diferentes e distintas. Ás veces as palabras que aparecen nos nosos libros de texto de 1º ciclo non son escoitadas ou lidas máis que cando acudimos ás clases de Tecnoloxía. Nin sequera llas oímos aos nosos avós, e menos aos nosos pai e nais. A pesar de que os nosos profesores e profesoras de Tecnoloxía do noso instituto imparten as clases en galego, teñen dificultades ás veces para empregar determinados termos. Supoñemos que iso é debido a que non os escoitaron e usaron habitualmente cando aprenderon o galego na súa nenez.

Facendo o traballo descubrimos cousas moi curiosas e interesantes sobre estes vocábulos que mesmo sorprenderon os propios profesores. Aparte de que ao realizarmos este labor se perde esa idea (que ás veces nos transmiten na nosa casa) de que as voces do galego son “inventos de catro profesores que non saben que facer...”.

Aquí vai este glosario tecnolóxico dalgunhas palabras técnicas que escoitamos en clase de Tecnoloxía e tamén lemos nos libros de texto. Esperamos que ao saber máis cousas destes termos nos resulte máis familiar e natural o seu uso.

## 2.- O que hai que mirar para entender o traballo:

### - Latinismos:

- **Infra:** para advertir de algo ao que se fai referencia nun fragmento ou parágrafo posterior.
- **Supra:** para advertir de algo ao que xa se fixo referencia nun fragmento ou parágrafo anterior.

### - Signos/caracteres:

- **< :** deriva / procede de...
- **> :** evoluciona a .....

## Abreviaturas:

adx.: adxectivo	loc.: locución
alem.: alemán	locs.: locucións
ár.: árabe	masc.: masculino
ant.: antigo	n.: neutro
cat.: catalán	neerl.: neerlandés
celt.: celta	oc.: occitano
cfr.: confróntese	part.: participio
cla.: clásico	pl.: plural
cast.: castelán	pop.: popular
cat.: catalán	port.: portugués
der.: derivado	pref.: prefixo
dim.: diminutivo	prerr.: prerromano
escand.: escandinavo	pret.: pretérito
esp.: español	rfr.: refrán
éusc.: éuscaro	s.: século
fem.: feminino	sanscr.: sánscrito
fr.: francés	sing.: singular
fránc.: fránico	subst.: substantivo
gal.: galego	suf.: sufixo
gót.: gótico	tard.: tardío
greg.: grego	var.: variante
íd.: ídem 'igual'	verb.: verbo
ingl.: inglés	vid.: véxase
irl.: irlandés	vocáb.: vocábulo
it.: italiano	vulg.: vulgar
lat.: latín	

## ÍNDICE ALFABÉTICO DE TERMOS

[Aliaxe](#)

[Alicerce](#)

[Andar](#)

[Andel](#)

[Arame](#)

[Biela](#)

[Bigornia](#)

[Cadea](#)

[Cartela](#)

[Cegoñal](#)

[Chumaceira de bólas](#)

[Chumaceira de rolos](#)

[Chumbo](#)

[Cremalleira](#)

[Desparafusador](#)

[Empenamento](#)

[Engrenaxe](#)

[Espeque](#)

[Ferro coado](#)

[Fol](#)

[Formigón](#)

[Forxa](#)

[Frecha](#)

[Guindastre](#)

[Leva](#)

[Luva](#)

[Manivela](#)

[Miñón](#)

[Nó](#)

[Ozca](#)

[Panca](#)

[Parafuso de banco](#)

[Parafuso sen fin](#)

[Parafuso](#)

[Piar](#)

[Piñón](#)

[Polipasto](#)

[Porca](#)

[Randeeira](#)

[Roldana](#)

[Tirarrollas](#)

[Trabe](#)

[Trade](#)





[Trinquete](#)





[Varanda](#)






[Zapata](#)




3.- Cadros coas palabras:

BLOQUE TEMÁTICO: ESTRUTURAS.




PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Alicerce(s), o(s);</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Escavación que se realiza na terra para asentar as bases dunha construción. Con esta acepción utilízase xeralmente en plural.</p>	<p>Apoio, base, cimentación, cimento(s), fundamento.</p>	<p>Do ár. <i>al- 'isās</i> ‘os cimentos’.</p>	<p>Port. <i>alicerce(s)</i>; esp. <i>cimiento(s)</i>; fr. <i>foundation(s)</i>; ingl. <i>foundation(s)</i>.</p>	<p>Alarife, albanel, cachoteiro, canteiro, pedreiro.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Andar, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Cada unha das divisións horizontais dun edificio.</p>	<p>Piso, planta.</p>	<p>Este substantivo probablemente procede dunha forma romance (s. X) *<i>amlare</i>, pronuncia descoidada do verb. lat. <i>ambulāre</i>, de aí o fr. <i>aller</i> e o cat. <i>anar</i>.</p>	<p>Port. <i>andar</i>; esp. <i>piso</i>; fr. <i>étage</i>; ingl. <i>floor</i>.</p>	<p>Cfr. supra.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Andel, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Taboleiro ou prancha de calquera material, situado horizontalmente a carón dunha parede ou formando parte dun moble, que serve para soste ou colocar obxectos.</p>	<p>Balda, baldón, estante, repisa.</p>	<p>De <i>andas</i> &lt; lat. <i>amites</i> ‘varas das andas, angarellas’.</p>	<p>Port. <i>estante, prateleira</i>; esp. <i>estante</i>; fr. <i>étagère</i>; ing. <i>shelf, bookcase</i>.</p>	<p>Alarife, albanel, carpinteiro, ebanista (carpinteiro de taller).</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Cartela, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Peza que, fixada nunha parede, serve de soporte a un balcón, unha cornixa, ás chumaceiras dunha árbore de transmisión ou a outro elemento de construción.</p>		<p>Do it. <i>cartella</i>, dim. de <i>carta</i>, íd.</p>	<p>Port. <i>mísula, quartela</i>; esp. <i>cartela</i>; fr. <i>console</i>; ingl. <i>console</i>.</p>	<p>Cfr. supra <i>andel</i>.</p>




PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Arame, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>1. Fío de calquera metal. 2. Liga de cobre con cinc, ou con outros metais.</p>	Aramado.	Do lat. tard. <i>aerāmem</i> < <i>aes, aeris</i> ‘cobre, bronce’.	Port. <i>aramé</i> ; esp. <i>alambre</i> ; fr. <i>airain</i> ‘bronce’; ingl. <i>iron</i> ‘ferro’, <i>wire</i> .	Cerralleiro, ferreiro, follateiro, lampista, latoeiro, soldador.
		<p>A voz <i>erario</i>, procedente do lat. <i>aerāriū</i> ‘tesouro público’, der. de <i>aes</i>, por empregarse este metal para acuñar as moedas.</p>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Empenamento, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		Acto ou efecto de <i>empenar</i> = torcerse ou curvarse un elemento longo e estreito na súa parte central cando está sometido a compresión por mor da humidade, da calor ou do peso.	Empenadura, empeno.	De lat. <i>pīnus</i> ? ‘piñeiro’ + pref <i>em-</i> (serve para a formación parasintética de verbos; xeralmente expresa a acción contida na base lexical nominal) + suf. de acción <i>-mento</i> .	Port. <i>empenamento, empeno</i> ; esp. <i>pandeo, encorvamiento, curvatura, combadura</i> ; fr. <i>recourbement, courbure</i> ; ingl. <i>curvature</i> .	Cfr. supra.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Espeque, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		Pau ou columna de pedra, ou de calquera outro material, que serve de soporte a algunha cousa para que non caia.	Escora, esteo, fíncón, pendallo, puntal, tentemozo.	Do fr. <i>anspect</i> ‘panca de madeira’ < neerl. ant. <i>handspaeke</i> ‘pau de man’.	Port. <i>espeque</i> ; cast. <i>espeque, puntal</i> ; fr. <i>anspect</i> ; ingl. <i>support</i> .	Cfr. supra + “alicerce”; mineiro.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Frecha, a;</b> subs. fem.</li> </ul>		Distancia entre o punto da máxima deformación dunha viga sometida a flexión e o lugar que ocuparía teoricamente o mesmo punto se non houberse deformación.		Do fr. <i>flèche</i> , íd.; de orixe incerta, quizais se trata dun vocábulo emparentado co neerl. ant. <i>vlieke</i> , e procedente da forma fránica * <i>fleukka</i> , de aí que en cat. se diga <i>fleca</i>	Port. <i>flecha</i> ; esp. <i>flecha</i> ; fr. <i>flèche</i> ; ingl. <i>arrow</i> .	Alarife, albanel, carpinteiro de armar.

PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Formigón, o;</b> subs. masc.</li> </ul>		<p>Mestura preparada con area, cemento, grava e auga. Cando se lle agrega unha armadura de aceiro para lle proporcionar máis resistencia á flexión denomínase <i>formigón armado</i>.</p>	<p>Argamasa.</p>	<p>De <i>formigo</i> ‘prato de repostería’ &lt; <i>formiga</i> &lt; lat. <i>formica</i> + suf. aumentativo <i>-on</i>.</p>	<p>Port. <i>concreto, formigão</i>; esp. <i>hormigón</i>; fr. <i>béton</i>; ingl. <i>concrete</i>.</p>	<p>Cfr. supra <i>alicerce</i>.</p>
<p>Este vocábulo deriva de <i>formigo</i>, prato de repostería composto de pan relado e améndoas ou abelás torradas ás cales se lle engade mel; pola semellanza de composición, comparando as pedras do formigón coas améndoas ou abelás do formigo. Esta palabra é anticuada e tamén pode significar ‘papas de trigo ou de millo’ ou ‘partes máis grosas que fican no arneiro ao cribar a sémola’. Algúns lexicógrafos consideran que a súa orixe está en <i>formiga</i>, por comparación dos grans que fican no cribo ou nas papas coas formiguiñas que bolen no formigueiro.</p>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Guindastre, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Máquina composta dun brazo articulado sobre un eixe vertical xiratorio, e cunha ou varias poleas, que serve para mover ou erguer cargas pesadas.</p>	<p>Burro, guinche, grúa.</p>	<p>Do ant. escand. <i>vindáss</i> ‘virar a barra’, polo oc. <i>guindatz</i>, íd.; fr. ant. <i>guindas</i>.</p>	<p>Port. <i>guindaste</i>; esp. <i>grúa</i>; fr. <i>grue</i>; ingl. <i>crane</i>.</p>	<p>Cfr. supra.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Nó, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Punto en que concorren dúas ou máis pezas dunha armadura.</p>	<p>Conexión, enlace, lazo, ligadura, ligazón, vínculo.</p>	<p>Do lat. <i>nōdu</i>, íd.</p>	<p>Port. <i>nó</i>; esp. <i>nudo</i>; fr. <i>noeud</i>; ingl. <i>knot, kuckle</i>.</p>	<p>Cfr. supra <i>frecha</i>.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Piar, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Elemento vertical dunha estrutura de armazón, de sección cadrada, que ten como función soportar todo o peso da construción, isto é, atura a carga da estrutura, das paredes interiores, dos teitos, dos pisos, das instalacións, etc.</p>	<p>Columna, espeque, esteo, pé, pegollo, pilastra, poste.</p>	<p>Do lat. vulg. <i>*pīlāre</i> ‘columna’.</p>	<p>Port. <i>pilar</i>; esp. <i>pilar</i>; fr. <i>pilier</i>; ingl. <i>pillar</i>.</p>	<p>Cfr. supra <i>frecha</i>.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Randeeira, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Estrutura que consta dun asento suspendido sobre dúas cordas ou cadeas penduradas dunha barra horizontal, que se emprega para moverse cara adiante e cara atrás.</p>	<p>Acaneadoiro, arrandeadoiro, balancín, bambán, bimbastro, carrandiola, carriola, dindán, rándea, xinxín randeadoiro,</p>	<p>De <i>randear</i> &lt; lat. vulg. <i>*reitenare</i> ‘escardar’ + suf. <i>-eira</i> &lt; <i>-aria</i>, de grande expansión no lat. vulg., onde, debido á súa alta produtividade, serviu, como na actualidade, para unha constante formación de novos derivados.</p>	<p>Port. <i>bambão</i>; esp. <i>columpio</i>; fr. <i>balancoire</i>; ingl. <i>swing</i>.</p>	<p>Cfr. supra.</p>




PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Trabe, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Elemento horizontal dunha estrutura de armazón que se encarga de soportar o peso desta, para transmitírllelo aos muros ou piares onde se apoia polos seus extremos. A(s) <i>trabe(s) mestra(s)</i> son vigas de gran tamaño que sosteñen as outras.</p> <p>No castelán antigo existían as palabras <i>traba</i> e <i>trabanca</i> ‘viga’. No galego actual rexistramos voces derivadas deste vocábulo, tales como <i>trabar</i>, <i>destrabar</i> ou <i>trabazón</i>.</p>	<p>Barrote, madeiro, travesa, viga.</p>	<p>Do lat. <i>trābe</i> ‘viga’.</p>	<p>Port. <i>trave</i>; esp. <i>viga</i>; fr. <i>poutre</i>; ingl. <i>beam</i></p>	<p>Cfr. supra; serranchín.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Varanda, a;</b> subst. fem.</li> <li>• <b>Zapata, a;</b> subst. fem.</li> </ul>	 	<p>Balaustrada, especie de reixa de madeira ou de ferro que, a xeito de peitoril, se coloca nun balcón, corredor, pasamáns, etc.</p> <p><b>1.</b> Bloque grande sobre o que descansa unha columna ou un muro dunha construción. <b>2.</b> Peza sostida por unha columna ou por un piar que serve para asentar unha trabe.</p>	<p>Balaustrada, pasamáns; balcón, estrado.</p>	<p>Voz de orixe incerta; probablemente prerr. indoeuropea e afín ao sánscr. e mais ao prácrito <i>varándah</i> ‘tabique’, ‘muro de terra divisorio’. Emparentada co ir. ant. <i>ferann</i>, <i>ferenn</i> ‘campo ou túmulo rodeado cunha sebe ou cunha marxe de pedras’ (&lt; celt. <i>uerono-</i> ou <i>uerondo-</i> ?).</p> <p>Der. probablemente de <i>zapato</i>. Unha palabra semellante existe en linguas eslavas do Norte (<i>cóbot</i>) e en persa. A documentación máis antiga que ata agora se encontrou procede da España cristiá e da zona musulmá do mesmo país, e en ningunha parte se acha unha etimoloxía que se imponha por razóns lingüísticas. En éusc. existe a voz <i>zapaldu</i> ‘esmagar’ e <i>zaplada</i> ‘paso, zancada’.</p>	<p>Port. <i>varanda</i>; esp. <i>baranda</i>; fr. <i>main courante</i>, <i>balustrade</i>, <i>barre d’appui</i> ingl. <i>rail</i>.</p> <p>Port. <i>sapata</i>; esp. <i>zapata</i>; fr. <i>support</i>; ingl. <i>support</i>.</p>	<p>Fr. supra.</p> <p>Cfr. <i>alicerce</i>.</p>




BLOQUE TEMÁTICO: MECANISMOS.




PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Biela, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Peza ríxida, xeralmente metálica e de gran resistencia, que serve para transmitir o movemento dun órgano a outro en moitos mecanismos e dispositivos. Un sistema <i>biela-manivela</i>, transforma o movemento rectilíneo alternativo en circular continuo (motores de combustión interna, máquinas de vapor...) ou viceversa (compresores, bombas de émbolo...).</p>		<p>Do fr. <i>bielle</i>, íd. De orixe descoñecida.</p>	<p>Port. <i>biela</i>; esp. <i>biela</i>; ingl. <i>connecting rod</i>.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Cadea a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Sucesión de elos metálicos, de formas moi diversas e dunha gran resistencia, enlazados entre si, que se emprega para aguantar, arrastrar, levantar cargas ou para transmitir movemento.</p>	<p>Restra.</p>	<p>Do lat. <i>catēna</i>, íd.</p>	<p>Port. <i>cadeia</i>; esp. <i>cadena</i>; fr. <i>chaîne</i>; ingl. <i>chain</i>, <i>bond</i>.</p>	<p>Ferreiro, soldador.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Cegoñal o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Mecanismo formado por un eixe disposto en forma de cóbado dobre, que transforma o movemento alternativo das bielas en movemento de rotación do eixe</p>		<p>De <i>cegoña</i> &lt; lat. <i>ciconia</i>, íd., por comparación co longo pescozo da <i>cigoña</i> + suf. <i>-al</i>, coa noción de 'relación, pertenza'.</p>	<p>Port. <i>cegonha</i>, <i>cegonho</i>; esp. <i>cigoñal</i> /<i>cigüeñal</i>; fr. <i>vilebrequin</i>; ingl. <i>crankshaft</i>.</p>	




PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Chumaceira (s) de bólas as;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Peza metálica ou de madeira con rosca na cal descansa ou vira calquera eixe. Tal como o nome indica, as <i>chumaceiras de bólas</i> están formadas por dous cilindros concéntricos entre os que se colocan unhas bólas.</p>	<p>Chumaceira(s) de fregamento.</p>	<p>De <i>chumazo</i> &lt; <i>plumaciu</i> ‘leito de plumas’ (&lt; <i>pluma</i>) + suf. <i>-eira</i> &lt; <i>-aria</i>. Cfr. <i>randeeira</i>.</p>	<p>Port. <i>chumaceira</i>; esp. <i>chumacera, rodamiento</i>; fr. <i>crapaudine à pivot</i>; ingl. <i>ball bearing</i>.</p>	<p>Cfr. <i>cadea</i> + carpinteiro.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Chumaceira (s) de rolos as;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>As <i>chumaceiras de rolos</i> están formadas por dous cilindros concéntricos entre os que se sitúan cilindros metálicos.</p>	<p>Chumaceira(s) de rodamento.</p>	<p>Cfr. supra.</p>	<p>Cfr. supra.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Cremalleira, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Barra con dentes en sentido transversal, destinada a engrenar nun piñón, que serve para converter o movemento circular do piñón no rectilíneo da barra.</p>	<p>Engrenaxe.</p>	<p>Do fr. <i>crémaille</i> ‘barra metálica dentada que se utiliza en diversos oficios mecánicos’, deriv. do fr. ant. <i>cremail</i>, íd. &lt; gr. <i>kremastêr</i> ‘que interrompe’.</p>	<p>Port. <i>cremalheira</i>; esp. <i>cremallera</i>; ingl. <i>rack</i>.</p>	<p>A <i>cremalleira</i> úsase para o sistema de guía de vehículos e para a apertura de comportas, entre outras aplicacións</p>






<b>PALABRA</b>	<b>DEBUXO</b>	<b>SIGNIFICADO</b>	<b>PALABRAS SEMELLANTES</b>	<b>ETIMOLOXÍA</b>	<b>EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS</b> <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	<b>RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Engrenaxe, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		Rodas dentadas que encaixan entre si e que transmiten forza e movemento entre eixes situados a pouca distancia.	Conexión, encadeamento, engarce, enlace, ensambladura, unión.	De <i>engrenar</i> < fr. <i>engrener</i> < <i>en</i> + <i>grain</i> 'gran' + <i>-age</i> > <i>-axe</i> . Cfr. <i>aliaxe</i> .	Port. <i>engrenagem</i> ; esp. <i>engranaje</i> ; fr. <i>engrenage</i> ; ingl. <i>gear</i> .	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Leva, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		Elemento mecánico, de forma variada, que transforma o movemento de rotación uniforme noutro rectilíneo alternativo.		De <i>levar</i> < lat. <i>levāre</i> 'levantar'; <i>-a</i> é un suf. deverbal.	Port. <i>leva</i> ; esp. <i>leva</i> ; fr. <i>came</i> ; ingl. <i>lever</i> .	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Manivela, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		Mecanismo de transmisión de movemento que consiste nunha peza fixada ao extremo dun eixe e provista dun manubrio descentrado que lle permite facelo xirar, ou dun mango sobre o que se articula unha biela; este mecanismo completo constitúe un sistema <i>biela-manivela</i> . Á manivela imprímesele un movemento de rotación coa man, para accionar un mecanismo de torno de tracción ou ben, formando parte dun conxunto biela-manivela, para transformar un movemento alternativo en rotativo, ou viceversa.	Manubrio, veo, vío.	Do fr. <i>manivelle</i> < lat. pop. <i>*manabella</i> , cla. <i>mănibulă</i> , var. de <i>măniculă</i> , dim. de <i>mănică</i> 'man pequena'.	Port. <i>manivela</i> ; esp. <i>manivela</i> ; ingl. <i>crank</i> .	

<b>PALABRA</b>	<b>DEBUXO</b>	<b>SIGNIFICADO</b>	<b>PALABRAS SEMELLANTES</b>	<b>ETIMOLOXÍA</b>	<b>EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS</b> <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	<b>RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Miñón, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Peza na cal encaixa un eixe. Tradicionalmente designaba a unha peza do carro de vacas usado no medio rural. Hoxe en día aplícase en Mecánica.</p>	<p>Meón, mión, mil. Minle.</p>	<p>Do lat. vulg. *mediolum &lt; mediu 'medio'.</p>	<p>Esp. <i>miñón</i>;</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Panca, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Barra ríxida que, apoiada sobre un punto, arredor do cal pode xira, permite mover ou levantar pesos.</p>	<p>Alavanca, alzaprema, barra.</p>	<p>Do lat. <i>palanga</i>, vulg. *<i>palanca</i> &lt; gr. <i>phálanx</i>, -<i>angos</i>, 'garrote'.</p>	<p>Port. <i>panca</i>, <i>alavanca</i>; esp. <i>palanca</i>; fr. <i>levier</i>; ingl. <i>lever</i>.</p>	<p>Ferreiro.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parafuso sen fin, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Mecanismo que transmite o movemento entre eixes que forman un ángulo recto. A transmisión sempre se efectúa desde un parafuso, que actúa como elemento motriz, cara unha roda dentada.</p>		<p>Cfr. <i>parafuso</i>.</p>	<p>Port. <i>parafuso sem-fim</i>; esp. <i>tornillo sin fin</i>; fr. <i>vis sans fin</i>; ingl. <i>worm gear</i>.</p>	<p>Cfr. <i>parafuso</i></p>




PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Piñón, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Roda dentada pequena, especialmente a dun sistema de transmisión de movemento, que engrena cunha maior nunha máquina.</p>		<p>Do fr. <i>pignon</i> &lt; lat. pop. *<i>pinniōne</i> &lt; lat. cl. <i>pinna</i> ‘amea’.</p>	<p>Port. <i>pinhão</i>; esp. <i>piñón</i>; ingl. <i>pinion</i>.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Polipasto, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Aparello formado por poleas fixas e móbiles, que permite elevar a carga ata determinada altura con menos esforzo que se se utilizase unha única polea; pero cómpre mover unha lonxitude de corda maior.</p>	<p>Polispasto.</p>	<p>Do lat. <i>polypaston</i> &lt; gr. pop. <i>polu apaston</i></p>	<p>Port. <i>polipasto/polispasto</i>; esp. <i>polispasto</i>; fr. <i>moufle</i>; ingl. <i>polypast</i>.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Roldana, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Disco móbil arredor dun eixe, cunha canle na superficie perimetral do seu contorno, por onde corre unha corda da cal se tira para subir pesos.</p>	<p>Polea, cadeixo.</p>	<p>Do cat. <i>rotlana</i>, íd.</p>	<p>Port. <i>roldana</i>; esp. <i>roldana</i>; fr. <i>réa</i>.</p>	




PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS Portugués, español, francés, inglés	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Tirarrollas, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Instrumento para extraer os tapóns de cortiza das botellas.</p>	<p>Sacarrollas.</p>	<p>De <i>tirar</i> (de orixe descoñecida) + <i>rolla</i> &lt; lat. <i>rotula</i> ‘rodiña’.</p>	<p>Port. <i>saca-rolhas</i>; esp. <i>sacacorchos</i>; fr. <i>tire-bouchon</i>; ingl. <i>corkscrew</i>.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Trinquete o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Elemento que permite o xiro dunha roda dentada nun só sentido. O <i>trinquete mecánico</i> encaixa entre os dentes da engrenaxe grazas á forza dun resorte.</p>		<p>De orixe incerta. Procede probablemente do fr. ant. <i>triquet</i> (hoxe <i>trinquet</i>), dim. de <i>trique</i> ‘bastón’, variante de <i>estrique</i>; crese de orixe xermánica, talvez proveña do neerl. <i>striker</i>.</p>	<p>Port. <i>tranquete</i>; esp. <i>trinquete</i>; fr. <i>trinquet, cliquet</i>; ingl. <i>pawl, trip, ratcher</i>.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Aliaxe, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p><b>1.</b> Acción ou efecto de aliar dous ou máis metais, co obxectivo de mellorar as súas propiedades. <b>2.</b> Liga dun ou máis metais con elementos non metálicos, que manifesta propiedades metálicas.</p> <p>Este vocábulo adquire o significado de ‘ligar dous ou máis metais fundíndoos’ en 1604. Se ben en galego se utiliza o verbo <i>aliar</i> e o substantivo <i>aliaxe</i>, termos que nos remiten ao francés actual, en castelán achamos <i>alear</i> e <i>aleación</i>, que derivan das formas correspondentes en francés antigo <i>alleier</i> e <i>alei</i>.</p>	<p>Amálgama, combinación, fusión, liga, mestura.</p>	<p>Do fr. <i>alliage</i>, der. do verb. <i>allier</i> &lt; lat. <i>alligāre</i> ‘xuntar’. O suf. gal. <i>-axe</i> &lt; do fr. <i>-age</i> &lt; lat. <i>-aticu</i>, crea substantivos presentes desde os primeiros períodos da lingua baixo a forma de <i>-age</i> ou <i>agen</i>, por importación directa do francés.</p>	<p>Port. <i>liga, ligaçao</i>; esp. <i>aleación</i>; ingl. <i>alloy</i>.</p>	<p>Cerralleiro, ferreiro, follateiro, forxador, lampista, latoeiro, soldador.</p>




PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS Portugués, español, francés, inglés	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Bigornia, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Zafra pequena de aceiro ou ferro, provista dunha longa barra que permite fixala e con dúas puntas laterais opostas, que facilita traballos como bater e modelar os metais.</p>	<p>Engra, incre.</p>	<p>Lat. <i>bicornia</i>, do adx. <i>bicornis</i>, -e (&lt; <i>bis</i> + <i>cornum</i>, sing. de <i>cornia</i>, ‘de dous brazos’).</p>	<p>Port. <i>bigorna</i>; esp. <i>bigornia</i>; fr. <i>bicorne</i>; ingl. (<i>double-headed anvil</i>).</p>	<p>Cfr. supra; zapateiro.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Chumbo, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Metal moi brando e pesado de cor gris azulada, dúctil e maleable, que se oxida doadamente co aire e que produce uns sales venenosos. O seu número atómico é 82 e o seu símbolo Pb.</p>	<p>Minio.</p>	<p>Do lat. <i>plumbu</i>, íd.</p>	<p>Port. <i>chumbo</i>; esp. <i>plomo</i>; fr. <i>plomb</i>; ingl. <i>lead</i>.</p>	<p>Cfr. supra <i>aliaxe</i>.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Desparafusador, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Instrumento de ferro ou doutra materia que serve para extraer un parafuso.</p>		<p>Cfr. infr. <i>Parafuso</i> + suf. -<i>dor</i> &lt; lat. - <i>tore</i>, de grande extensión no lat. vulg., onde tamén indicaba o axente do proceso verbal ou o instrumento.</p>	<p>Port. <i>desparafusador</i>; esp. <i>destornillador</i>; fr. <i>tournevis</i>; ingl. <i>screwdriver</i>.</p>	<p>Alarife, albanel, carpinteiro, ebanista</p>

Loc. *Estar entre a bigornia e o martelo* ‘estar entre dous perigos’. Rfr. *Cando fores bigornia, aguanta; cando fores martelo, malla.*

A partir do s. XV, produciuse nas linguas románicas —coas restricións que, no caso do galego, se deben ter en conta — unha grande afluencia de cultismos a través da literatura latina. A necesidade de ampliación vocabular que acompañou o proceso de desenvolvemento cultural impuxo un acrecentamento do léxico baseado na entrada de palabras, especialmente adxectivos, a partir da base do latín literario, e non do patrimonial correspondente. Desta forma, na lingua galega achamos o cultismo *plúmbeo* ‘de chumbo’. Loc. *Facer chumbo* ‘caer ben a roupa’.

PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS Portugués, español, francés, inglés	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Ferro coado, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>No proceso de obtención do ferro hai dúas fases: a primeira consiste na extracción do mineral das minas, que normalmente se atopa en rochas mesturado con outros elementos; a segunda obedece á obtención en altos fornos de ferrosos como o <i>ferro coado</i>, cuxa proporción de carbono varía entre un 1,76 e un 4,5 %.</p>	Ferro fundido.	Lat. <i>ferru.</i> + <i>coado</i> < <i>coar</i> < lat. <i>colāre</i> ‘pasar, filtrar’ + suf. <i>-ado</i> < <i>-atu</i> , adaptación da terminación do part. pret. latino.	Port. <i>ferro coado</i> ; esp. <i>hierro colado</i> ; fr. <i>fer fonte</i> ; ingl. <i>cast iron</i> .	Cfr. supra <i>aliaxe</i> .
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Fol, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>Loc. <i>Mallar en ferro frío</i> ‘ser inútil a corrección dunha persoa’. Rfr. <i>O que a ferro mata, a ferro morre</i>.</p>	Barquín, fole.	Do lat. <i>folle</i> , íd.	Port. <i>fole</i> ; esp. <i>fuelle</i> ; fr. <i>soufflet</i> ; ingl. <i>blower</i> .	Cfr. supra.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Forxa, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>1. Técnica que consiste en dar a primeira forma co martelo a unha peza de metal quentada previamente. 2. Forno onde se quentan os metais para forxar.</p>	Ferraría, fragua.	Do fr. <i>forge</i> < lat. <i>fabrica</i> ‘oficio, arte’	Port. <i>forjadura</i> ; <i>forja</i> ; esp. <i>forja</i> , <i>fragua</i> ; ingl. <i>forging</i> , <i>forge</i> .	Cfr. supra.
		<p>Loc. <i>Estar na forxa</i> ‘estar en fase de elaboración’.</p>				

PALABRA	DEBUXO	SIGNIFICADO	PALABRAS SEMELLANTES	ETIMOLOXÍA	EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Luva(s), a(s);</b> subst. fem.</li> </ul>		<p>Peza de vestir que cobre a man e os dedos.</p>	<p>Guante, manopla, mitón.</p>	<p>Do gót. <i>lofa</i> ‘palma da man’.</p>	<p>Port. <i>luva</i>; esp. <i>guante</i> (<i>goluba</i>); fr. <i>gant</i>; ingl. <i>glove</i></p>	<p>Cfr. supra.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parafuso, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p><b>1.</b> Peza composta por unha pequena barra roscada e unha extremidade que permite facela xirar para que penetre noutra peza, a porca, ou nunha superficie. Utilízase como elemento de unión entre dúas ou máis cousas. <b>2.</b> Mecanismo que transforma o movemento de rotación en rectilíneo.</p>		<p>Do lat. <i>pare</i> ‘igual’ + fuso &lt; <i>fūsu</i></p>	<p>Port. <i>parafuso</i>; esp. <i>tornillo</i>; fr. <i>vis</i> ; ingl. <i>screw</i></p>	<p>Cfr. <i>desparafusador</i>.</p>
		<p>O científico grego Arquímedes ideou unha máquina para extraer auga dos ríos. O denominado <i>parafuso de Arquímedes</i>, que funcionaba xirando unha manivela que provocaba que a auga ascendese ao interior do parafuso mediante unha ampla rosca helicoidal. Os parafusos que se utilizan como elementos de unión baséanse no de Arquímedes.</p>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parafuso de banco, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<p>1.- Elemento mecánico que se compón dunha parte móbil e outra fixa que se unen mediante un parafuso grosso. A parte fixa suxeitase a unha mesa de traballo mediante parafuso e porcas. A pezas suxéitanse mediante unhas mordazas para poder realizar traballos de serrado, tradeado ou limado.</p>	<p>Torniqueta de banco</p>	<p>&lt; xerm. bank, íd.</p>	<p>Esp. <i>tornillo de banco</i></p>	

<i>PALABRA</i>	<i>DEBUXO</i>	<i>SIGNIFICADO</i>	<i>PALABRAS SEMELLANTES</i>	<i>ETIMOLOXÍA</i>	<i>EQUIVALENCIAS OUTROS IDIOMAS</i> <i>Portugués, español, francés, inglés</i>	<i>RELACIÓN CON OFICIOS TRADICIONAIS</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Ozca, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		<ol style="list-style-type: none"> <li>Entalladura en espiral dun parafuso.</li> <li>Concavidade ou fenda que hai nunha cousa para encaixar outra.</li> </ol>	Osca, ozco.	Do prerr. *osca ‘fenda’.	Cast. <i>muesca</i> ; fr. <i>mortaise</i> ; ingl. <i>nick</i> .	Cfr. supra.
<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Porca, a;</b> subst. fem.</li> </ul>		Peza cilíndrica ou prismática con cavidade roscada que se adapta a un parafuso.		Do lat. <i>porca</i> ‘peza con cavidade roscada’.	Port. <i>porca</i> ; esp. <i>tuerca</i> ; fr. <i>écrou</i> ; ingl. <i>nut</i> .	Cfr. supra.
		No castelán antigo emprégase a palabra <i>puerca</i> , ata o século XVI, momento en que xa se rexistra <i>tuerca</i> , con “t” por influencia de <i>tornillo</i> .				
<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Trade, o;</b> subst. masc.</li> </ul>		<ol style="list-style-type: none"> <li>Instrumento que remata nunha punta de ferro ou aceiro en espiral que serve para perforar materiais.</li> <li>Máquina eléctrica, á cal se axusta unha broca, que se utiliza para tradear.</li> </ol>	Barrena, broca, trado.	Do lat. tard. <i>tarātru</i> , íd., vocábulo de orixe celta, vid. o irl. ant. <i>tarathar</i> , íd.	Port. <i>trado</i> ; esp. <i>taladro</i> ; fr. <i>foret</i> , ingl. <i>drill</i> .	Cfr. supra + vocáb. <i>aliaxe</i> .
		Os cultismos <i>terebrante</i> e <i>terebrar</i> son derivados do latín <i>terebrāre</i> ‘tradear, perforar’; <i>terebración</i> remítenos a <i>terebratione</i> ‘perforación, orificio’, voces que pertencen á mesma raíz indoeuropea				